



Arquitectura sen Fronteiras de Galicia




Unha cooperación de abaixo arriba

A foto que fala

Entroido: celebración na que o pobo pon o mundo e as súas autoridades do revés.

Escándalo farisaico: escándalo que se recibe sen causa, mirando como repreensible o que non o é.



O trasno Xustiza reparadora

Daniel López Muñoz



Que xente guapa coma unha infanta de Borbón e o seu ex deportista senten nun banco dos acusados. Que haxa un xuíz que contra vento e marea mantivese un ton sereno e firme, “xusto” no mellor sentido da palabra, durante toda a instrución do caso. Que se dite unha sentenza contra eles, por moi benévola que pareza... son boas novas. Limitadas, seguramente descafeinadas, pero demostran que desde as institucións públicas pode facerse moito, moito máis do que se fai.

Non se trata de buscar vinganza nin linchamento. O bo do asunto é o que ten de reparación moral dos xustos inxustamente tratados. O mellor é

que as vítimas do día a día poidan verificar que non están absolutamente soas.

Hai demasiada xente ao borde do abismo. Esta crise foi moi revirada e nada inocente. Varreu coas redes de seguridade que tiña a xente, coa sensación de “protección do traballador” herdada do século pasado. Ademais, foron minándose as redes de apoio, a vivencia do comunitario, a solidariedade organizada. Moita da xente nova que accede ao mercado de traballo –e a pesar das chamadas redes sociais– son átomos illados, individuos “libres”, que é como os quere o capital: sós, indefensos e totalmente dispoñibles para xornadas

enormes, horarios imposibles e salarios que apenas duplican o prezo da modesta vivenda que o mercado lles ofrece. Ou sexa, currantes supercompetitivos. O tema da baixa natalidade, fixo, ten máis que ver con iso que coa caixa finlandesa preelectoral de Feijoo, con cueiros, escafpíns e material educativo en castelán.

Reparacións simbólicas. Para eses mozos e mozas. Para a xente do campo que intenta cousas novas, sen apoios, contra o esfarelamento do agro e da comunidade rural. Para as paradas de cincuenta anos, expulsadas do mundo laboral. Para os traballadores da hostalaría e dos hipermercados, as teleoperadoras e os coidadores de vellos, ... que queren chegar a mileuristas.

Que se cree precedente. Porque o agravio da *beautiful people* é diario. A ofensa da ostentación e o luxo non cesa. E de cando en vez sabe ben confirmar que é certa a sospeita do obreiro e do profeta: detrás de toda esa fachenda, de todas esas vidas de cen estalos, hai delito, e hai un sufrimento de moitos e moitas que existe reparación.

Editorial

O 20 de decembro de 2016 o Tribunal de Estrasburgo de Dereitos Humanos condenaba o Estado español polos danos materiais e morais sufridos por unha empresa de Palencia. Esta empresa viu como unha das súas propiedades, unha antiga igrexa, foi rexistrada pola diocese de Palencia como súa, amparándose nunha lei hipotecaria franquista e na reforma dela feita polo goberno de Aznar, que lle permitía á Igrexa inscribir lugares de culto e calquera outra propiedade que non estivese rexistrada. O Tribunal Europeo obrigou a mudar esta lexislación, que atenta contra os principios básicos da equidade ante a lei.

Ética e estética, esa é a mudanza que precisa a Igrexa na xestión das súas propiedades.

O caso de Palencia non é único. Desde o ano 2003 multiplicáronse os rexistros de propiedades por parte das dioceses, as chamadas inmatriculacións: só cumpría que o ben non estivese previamente rexistrado e que o propio bispo dese fe de que ese ben era da Igrexa. Actúa, na práctica, como notario e como poder público, rachando os principios de separación de Igrexa e Estado. Foi un proceso de inmatriculacións masivas, onde algún dos casos máis paradigmáticos saíron aos medios de comunicación: os cidadáns de Córdoba enteráronse no 2009 que a mesquita da cidade fora rexistrada pola diocese tres anos antes, pola módica cantidade de 30 euros.

A Conferencia episcopal rapidamente defendeu a súa actuación, entendendo que o seu proceder favorecía o funcionamento da administración, ao evitar o colapso dos rexistros da propiedade con formalidades burocráticas.

A sentenza de Estrasburgo deixa ás claras como a actuación da Igrexa, en connivencia cos gobernos do Estado, atentou contra os Dereitos Humanos. Na práctica, abre unha nova vía ao obrigar a revisar todas as inmatriculacións realizadas nos últimos 15 anos, devolvendo estas propiedades aos seus verdadeiros donos, xa particulares, xa do Estado. Unha vintena de colectivos xa solicitaron formalmente no Congreso dos Deputados que se poñan as medidas para que esta resolución xudicial sexa aplicada de facto no noso Estado.

Xa non é cuestión de recorrer ás palabras de Xesús recollidas en Lc 6;30: “Ao que che leve o teu, non lle reclames nada”. A actuación da xeraquía eclesiástica, entre a nocturnidade e a alevosía, fainos de novo pensar sobre o funcionamento da Institución, os controis internos existentes ou a participación dos fieis. Non se coñece con seguridade o número de propiedades rexistradas (fálase de máis de 4 500) nin a súa localización. E non podemos senón lembrarnos do coñecido como “caso Retablo”, aínda pendente de xuízo, polo que foran imputados inicialmente o anterior bispo de Tui, o tesoureiro da diocese e o párroco, mais exonerados posteriormente por que se cuestionou a legalidade dos pinchazos telefónicos que destaparon o caso.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Todo o que fai Cáritas é motivo de esperanza. Polo cal poderíamos encher centos de páxinas desta sección en contalo. Hoxe vou falar dun proxecto novo que vén de mellorar unha das actividades polas cales é coñecida Cáritas. Trátase do proxecto Arroupa. Este proxecto fai que toda a roupa que se xestiona dende Cáritas e que se recolle nos diferentes roupeiros e colectores pase por un proceso de selección no que se discriminan as prendas en función da súa utilidade. A que vale véndese en tendas que ben parecen boutiques. A que non recíclase, reutilízase...

Por suposto toda a xente que traballa neste proxecto busca reinsertarse e reconducir a súa vida. Ten un contrato de traballo digno e un soldo acorde a súa cualificación profesional. Este tipo de cousas para que sexan coherentes non poden facerse de xeito improvisando ou simplemente con boa fe sen unha boa infraestrutura que garanta a dignidade de quen estea no proceso.

Noutra orde de cousas, cando teñas un bocadiño de tempo diante do teu ordenador e queiras sorrir un bocadiño podes ver os vídeos de Páramo



Pictures. Un grupo de raparigos que con moitas doses de retranca, crítica social e bo facer fan que poidas pasar un bo tempinho cun sorriso nos beizos. O ideal para Entroido.

1



3



2



4



A peneira

1

Comezamos a Coresma co consello do Papa Francisco á arxentina **LUCÍA** Caram: "segue armando lio". Terao que facer nun camiño ateigado de acusacións por querer converter parte do seu Mosteiro de Manresa na Casa de Infancia, un uso que lle acae ao Papa para edificios baleiros. Cada mes péchase un mosteiro de clausura no Estado.

2

O 31, na Aldea Nova de Narón, a **NOVA ESCOLA** Galega convídanos a buscar unha saída liberadora para o rural acosado pola despoboamento e a falla de servizos sociais, mesmo pechando as escolas. Cada semana unha aldea máis fica abandonada e xa son 3.562.

3

O 19 celebráronse 40 anos da loita das veciñas/os das **ENCROBAS** contra a expropiación forzosa das súas terras por Lignitos de Meirama, que destruíu 40 aldeas. Foi un fito da rebelión contra Fenosa, sinal do colonialismo que segue asoballándonos e rematando coa nosa enerxía eléctrica. Na foto Moncho Valcarce na igrexa.

4

Ata o 16 de abril podemos mergullarnos na mostra **MULLERES EN SILENCIO** no Marco de Vigo. Reivindícase a obra de tantas creadoras dende as vangardas de comezos do XX, á vaguesa Menchu Lamas do Colectivo Atlántica (1980), envoltos aquí nos círculos da súa nova estética.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

500 empresas exportan acotío e 1269 de xeito esporádico. Así, medio milleiro de empresas do téxtil, lideradas por Inditex e por PSA no campo do automóbil. O **TEXTIL** medrou un 17% as vendas fóra e a produción un 9%, pero fican bloqueadas aquí.

6

Este mes de marzo hai eleccións en Holanda na que medra a desafección á UE, nos 15 anos do euro. Son escépticos pola manipulación á que a somete a Unión o eixe Alemaña-Francia secundado por Italia. O **"BREXIT"** aprobouno Inglaterra e Gales pero non Irlanda do Norte e Escocia.

7

A Lomce segue prexudicando o **ENSINO**, a pesar dos trasfegos políticos, como vai denunciarse na folga do día 9. Algo tan importante para a poboación non pode estar ao vaivén das reformas e contrarreformas dos partidos. Un centralismo brutal e os recortes están estragando a nosa escola

8

Só 473 mulleres traballan nos **BARCOS** fronte a 11.000 varóns, aínda que están gañando protagonismo na costa. Así o fai María Xosé Ríos Gómez, de Chocolates Moreno en Ribadeo, que está a montar unha fabrica de bombóns de algas que espallan o recendo e o sabor do mar.

Política Negociando coa vida

Pedro Pedrouzo Devesa



A vida negociable é o último libro de Luis Landero, unha novela dun pícaro en crecemento. O protagonista, Hugo, podería ser perfectamente un dos miles de alumnos que pasean pola ESO agardando que alguén descubra dun só golpe de intuición as cualidades latentes que ten de seu.

Hugo ve pasar os anos trampeando a vida como pode e sen grandes esforzos porque pensa que en canto se propoña darlle un xiro, será capaz de conseguir o que se propoña.

Existen miles de hugos hoxe na ESO, agardando que os seus descubridores aparezan, aínda que para forzar o destino teñan que participar nun concurso musical que os lance ao estrelato.

Posiblemente esteamos nas décadas nas que máis gasto se realizou en educación. Poderíamos dicir tamén que nunca houbo tantos profesores con formacións tan especializadas e variadas para sacar o mellor das novas camadas. Porén, algo falla. O ensino desagrada a demasiados adolescentes. Non o ven como unha oportunidade única para conseguir *triunfar* na vida. É unha cuestión de recursos, de diñeiro?

A escola non é unicamente un espazo de formación académica. Realmente, é unha das últimas posibilidades que ten unha sociedade de cimentarse, de cohesionar e integrar a súa variedade. Despois da escola, multiplícanse os ghettos. Son eses fantásticos anos nos que se dirime o éxito social dun barrio, dunha vila e dunha cidade. Posiblemente os servizos sociais tivesen que estar máis presentes na vida social e académica dos adolescentes de moitos institutos. Non será polo número de educadores sociais que están en paro. Vai ser difícil enconralos no futuro en condicións tan económicas. O noso país é bastante torpe cando se trata de aproveitar os recursos humanos ociosos. E nós tamén somos demasiado torpes á hora de dar resposta ás necesidades sociais de forma creativa, sen ter que esperar a que o organice alguén.

Os barrios das nosas cidades están agardando a ser conquistados por vós, educadores e traballadores sociais. A Administración xa demostrou o extremadamente lenta que é en dar resposta ás demandas sociais. E os políticos están demasiado ocupados discursando.

A vida é negociable. Dáche continuas oportunidades de refacerte negociando con ela. Pero hai demasiados cativos *embridonados* con aparellos dixitais que poñen entre as mans e serven para que non poidan ver nada máis ca o que sae na pantalla. Necesitan un rescate. E a sociedade non pagará por ese traballo ata que alguén non demostre a súa utilidade.

Despois da escola,
multiplícanse os ghettos



O peto común

Buscando novas para un obradorio na prensa, escoitei que existía unha proposta para os premios Príncipe de Asturias do deporte: un pai e un fillo que corren xuntos en maratóns; o fillo sofre parálise cerebral, polo que o pai corre empuxando a súa cadeira de rodas. Xa levan 6 maratóns. É unha historia de resiliencia, coma moitas outras que imos atopando, unha historia de amor, de motivación e de superación no día a día. Xa lera hai tempo sobre un pai e un fillo nas mesmas circunstancias que participan en probas de Ironman, e son exemplo para moitas outras familias e persoas. Persoas resilientes, é dicir, que son capaces de facer dos obstáculos oportunidades e de ir cara a diante na vida, a pesar dos problemas e dificultades.



Pareceunos unha noticia ideal para traballar en grupo, e a min, persoalmente, para comentárvola neste pequeno peto. Sabemos que os niveis de resiliencia non son iguais para todas as persoas, igual que o noso nivel de empatía, ou de tolerancia á frustración; e mesmo non son iguais en distintos momentos das nosas vidas; por iso é importante ter fontes de resiliencia, apoios, crenzas... que nos fagan saír fortalecidos das dificultades e barreiras. Seguramente, os que estades lendo, estades pensando nesa veciña tan forte que puido avanzar nun momento moi trágico, na persoa que foi capaz de abandonar unha adicción e volcarse en traballar para os demais, ou en vós mesmos/as en ocasións. Supoño, creo, que a fe é unha fonte importante para esa forza e esa motivación intrínseca.

O CARRABOXO *por ROBE LOIS*



Onde vai a xente nova?

Daniel López Muñoz



Lara Medín López, cooperante na Guatemala rural

Seguimos rastrexando onde marcharon. Mozas e mozos galegos que están investigando, traballando, cooperando polo planeta enteiro. Lara Medín, a nosa entrevistada de hoxe, en Guatemala, xa nove anos, encadeando proxectos coa ONGD "Arquitectura sen Fronteiras". E dinos con claridade: "Síntome afortunada da grande oportunidade que tiven de cumprir o meu soño de infancia".

Que fai logo unha arquitecta galega coma ti nun sitio coma ese?

Con 21 anos, de estudante, comecei como voluntaria de Arquitectura Sen Fronteiras. Acabada de licenciar en 2008, a ONGD comezou un programa de vivendas sociais en Guatemala, financiado pola Xunta de Galicia. Precisaban arquitectos e déronme a oportunidade de comezar a miña carreira profesional no mundo da cooperación ao desenvolvemento. Dende entón levo traballando en Guatemala en varios proxectos vinculados co dereito ao hábitat: proxectos de vivendas; de construción de centros de saúde; e proxectos educativos, coa construción de escolas e institutos. Si, síntome afortunada.

A túa experiencia foise enriquecendo e consolidando...

Son nove anos en Guatemala, diferentes proxectos e lugares. O traballo inicial foi aquel programa para construír 290 vivendas para familias vulnerábeis na costa Sur, comunidades indíxenas desprazadas polo conflito armado ou polo proceso de loita pola terra. Foi un proxecto ambicioso, aparelado coa posta en marcha dunha cooperativa de fabricación de materiais de construción (bloques de formigón e tellas) e a

formación de albaneis e mestres de obras locais. Posteriormente levamos a cabo varios proxectos educativos, coa construción de dous Institutos de Educación Básica e unha escola. Este últimos proxectos foron especialmente bonitos, pois puiden aplicar unha metodoloxía de deseño participativo co alumnado, docentes e líderes comunitarios que enriqueceu o proxecto. Tamén traballei no interior do país, no Quiché, unha rexión indíxena rural nas montañas; alí levei a cabo

e o sentimento de "ben común" tan arraigado na poboación. Por exemplo, todas as familias fan varios días de traballo comunitario para diferentes tarefas, dende limpeza, reparacións ou melloras nos espazos públicos. As comunidades teñen unhas estruturas que as representan e as decisións importantes tómanse en asemblea. Nas escolas que construímos todas as familias da comunidade organizáronse para que os albaneis dispuxeran cada día dun axudante.

todas as familias fan varios días de traballo comunitario en diferentes tarefas

un proxecto de construción dunha casa materna para comadroas tradicionais, unha construción moi bonita con adobe sismorresistente, onde aprendín o saber facer tradicional da construción combinado coa melloras tecnolóxicas. Ademais disto tiven a oportunidade de traballar para un proxecto financiado pola AECID coa construción de dous centros de saúde no altiplano.

Que che causou máis impacto?

Pois de primeiras diría que foi a organización comunitaria da poboación indíxena, o sentido de comunidade

Se tivese que dicir cal dos proxectos realizados cambia máis a vida dunha persoa, sen dúbida diría que a vivenda. A vivenda conecta coas necesidades esenciais das persoas. Lembro con especial cariño a inauguración de vivendas na comunidade de Cuchupán. Ao finalizar o acto unha muller achegouse para dicirme que estaba tan feliz coa súa vivenda nova porque por primeira vez se sentía segura sen precisar a presenza dun home.

Se algo levo de toda esta experiencia de traballo en Guatemala, foi coñecer e traballar man a man con Juventina,



Proceso de deseño participativo do Instituto

Damián e Cruz, tres líderes comunitarios indíxenas, activistas da loita pola terra, exemplos de superación, de entrega, de compromiso, persoas inspiradoras que sempre teñen unha palabra: esperanza. Despois daquelas longas reunións de traballo, dicíame “compañeira, o que estás a aprender aquí é unha mestría da vida”

Eses proxectos de Arquitectura sen fronteiras de Galicia son coherentes entre si, responden a unha estratexia...

ASF traballa na defensa do dereito a un hábitat digno para as poboacións máis vulnerábeis. Iso de “hábitat digno” é algo complexo: non é só a vivenda, senón tamén a contorna, as infraestruturas, equipamentos e a mobilidade. Dende esta visión máis integral do hábitat, ASF leva a cabo tres liñas estratéxicas en Guatemala: a primeira é o acceso a unha vivenda digna, apropiada e saudable; a segunda é o acceso a unhas infraestruturas educativas de calidade, neste caso coa construción e reparación de escolas e institutos públicos; e a terceira, o acceso a uns establecementos de saúde dignos, construíndo e reparando centros de saúde.

Hai páxinas de arquitectura que comparan a vosa última actuación, o Centro de saúde de Ostulcalco, cunha obra de Chipperfield. Iso é todo un logro dada a precariedade de medios....

Pódese entender como un logro poder construír un edificio de calida-

de arquitectónica nun contexto de precariedade de medios. Pero máis ca un logro de calidade formal en si mesmo, eu véxoo como unha ferramenta de dignificación das persoas: todas as persoas temos dereito a ter un centro de saúde de calidade, con

Unha muller achegouse. Estaba feliz coa súa vivenda nova: sentíase segura sen depender dun home

iluminación, ventilación, no que nos sintamos protexidos no delicado momento da doenza. O logro é que estás persoas se sintan a gusto no seu centro de saúde.

Logo deste tempo, como ves o desafío da cooperación?

A ver, hai que ter en conta o contexto mundial. Por primeira vez na his-

toria da humanidade a ONU dinos que a poboación urbana supera á poboación rural e que 2.500 millóns de persoas no mundo non teñen cubertas as súas necesidades de abrigo e residencia. En “Hábitat III”, a última Conferencia das Nacións Unidas para a Vivenda e o desenvolvemento Urbano Sostible, indícase que “a poboación urbana mundial practicamente se duplicará para o ano 2050”: iso fai da urbanización unha tremenda transformación no século XXI. Por iso a ONU centra todos os seus esforzos en materia de hábitat nestas grandes urbes e nos problemas asociados a sostibilidade en materia de vivenda, infraestruturas, servizos básicos e saneamento. Ao fío desa con-

ferencia nacen plataformas críticas coa forma de actuar e enfocar este problema. En primeiro lugar desde *FLACSO (Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais)* reivíndicase un papel máis activo da cidadanía nas tomas de decisión e transformacións das cidades. E, en segundo lugar, o foro social denominado “Resistencia



Acto de inauguración de vivendas

Onde vai a xente nova?

Daniel López Muñoz



Centro de Saúde de San Juan Ostulcalco

Hábitat III”, organizado polo *Comité Popular polo noso territorio*, pon sobre a mesa a problemática da outra metade de poboación mundial que vive en zonas rurais e que é esquecida nesta conferencia.

O meu punto de vista: o proceso migratorio caros ás grandes urbes reflicte unha tendencia mundial cara un mundo máis globalizado e desigual, no que a riqueza está en mans dunha minoría, na que as zonas rurais quedan en mans de grandes latifundios de monocultivos, que están fomentando cambios climáticos. A posición da ONU de enfocar as súas accións soamente sobre as grandes cidades está sendo unha medida paliativa e non estrutural. As cidades seguirán crescendo e creando graves problemas de habitabilidade mentres non se realice un reparto igualitario do territorio, mentres non prestemos atención a esa metade da poboación rural que está buscando unha maneira de sobrevivir.

Que facer coa cooperación en todo isto? As ONGD deberíamos traballar en solucionar estes problemas estruturais, apoiar as organizacións de base, os titulares de dereitos na loita polo territorio, o hábitat, a vivenda e unha vida digna. Acompañalos, asesoralos, fortalecelos para conseguir estes cambios ao mesmo tempo que fortalecer tamén as capacidades das

administracións públicas, que están obrigadas coa xente.

Como aplicar isto en Galicia? Que proxectos de país necesitaríamos no eido do hábitat, dun urbanismo inclusivo e sostible e do noso patrimonio inmobiliario?

Galicia ten grandes retos en materia de hábitat: a mobilidade, nun territorio disperso; o abandono do rural e

o hábitat e a vivenda son un dereito universal, non un obxecto de especulación

as consecuencias que ten na degradación do hábitat; a falta de “amor propio” polo patrimonio inmobiliario histórico, en especial no referente ás vivendas tradicionais e a falta dunha planificación territorial respectuosa co legado histórico do territorio e o medio, que non favoreza os intereses especuladores.

Se penso que hai algo do que levo aprendido en Guatemala durante todos estes anos e que se podería aplicar en Galicia é o concepto de *Producción Social do Hábitat (PSH)*, que nace nos anos 70, no contexto das grandes migración do campo ás cidades. O profesor mexicano Gustavo Romero, defíneo como o logro dun “sistema de produción que permita que os diversos sectores da sociedade poidan chegar a ter un hábitat e unha vivenda que responda a súas múltiples condicións e demandas, por medio de procesos nos que participan e decidan”. Os alicerces sobre os que se fundamenta este concepto son que o hábitat e a vivenda son un dereito universal, non se poden entender como bens de mercado obxecto de especulación. A forma na que se materializa este concepto, son por exemplo, as cooperativas de vivendas autoxestionadas de Uruguai ou os múltiples exemplos de barrios ou comunidades latinoamericanas que se

organizan para arranxar unha escola, unha rúa ou un posto de saúde.

En Europa existen múltiples exemplos de proxectos inspiradores, (como se pode consultar na páxina web psh.urbamonde.org).

Pois moitas grazas e, por favor, síguenos inspirando



Instituto de Educación Básica do Parcelamento O Rosario

As furtadelas Un meteorito chamado Agrelo

Manuel Cabada



Os meteoritos vense, cun pouco de sorte, alumar no ceo para desapareceren da vista pouquiño despois. O franciscano Santiago Agrelo é un deles cando algunha vez dá unha volta polo “mundo feliz” europeo e fala da abraiada concorrència das cousas que alí, ou preto de alí, en Tánxer, onde exerce como arcebispo, pode *ver*. A finais do outono pasado, convidado polo Foro de *Encrucillada*, compartiu en Santiago

as súas vivencias e os seus sentimentos en relación co drama dos refuxiados

Non se é ateo por declararse tal, é quen ignora o sufrimento dos pobres

que, oprimidos por guerras e persecucións, buscan por todos os medios unha solución a algo que, para calquera ser humano, é absolutamente prioritario e moi simple e doado de entender: atopar un anaco de terra libre para seguir vivindo cun mínimo de paz e dignidade. Os profetas están aí para denunciar abusos e para nos lembrar neste senso unha e outra vez que -teñamos ou non a mesma cultura, lingua, relixión ou cor da pel- pertencemos, en definitiva, todos a unha mesma humanidade e conforme a iso debemos mutuamente tratarnos. Agrelo é así un moderno profeta vivo, que remove consciencias adurmiñadas e modos ensimesmados de pensar e de sentir dos de abaixo, dos de arriba ou dos que habitan en cómodos lugares intermedios.

No seu relatorio *Ver para acoller* (recentemente publicado en *Encrucillada* dixo cousas coma estas, que lles darán seguramente que pensar tanto a ateos inquedaos coma a supostos crentes satisfeitos de si mesmos: “Non se é ateo por declararse tal; non negan a Deus os que din que non cren nel ou que non saben se cren on non. Negador de Deus, negador do amor que é Deus, da bondade que é Deus, da misericordia que é Deus, é quen ignora o sufrimento dos pobres”. E remataba, case do mesmo xeito, o seu nada compracente ou politicamente correcto discurso así: “Se non vemos os pobres, negamos a Deus. A cegueira –a indiferenza- ante a dor humana é unha forma radical de negar a Deus, pois é negación do que Deus di de si mesmo, do que Deus é: amor compasivo, amor misericordioso, simplemente amor”.

Filósofos e teólogos de gran valía dicían, hai xa tempo, cousas así e o bo Francisco de Roma proclámaas tamén hoxe pola súa conta. Deixou, logo, a denominada “Europa cristiá” de ser tal? É posible. En calquera caso, ser ou non ser cristián –o mesmo ca ser ou non ser ateo, etc.- depende non do que un di que é ou non é, senón de como se comporta na vida. Vén sendo algo semellante ao dos puntos do carné de conducir. Pódense perder se un anda pola vida segando ou pondo en perigo as vidas dos demais.

[Publicado en *Faro de Vigo*, o martes día 24 de xaneiro de 2017]

Conversa co Cristeiro

Estaba retirado. Traballara abondo. Agora, se non fora o reuma que o roía no ombreiro dereito, podía vivir uns anos feliz e contento. Eu sentira falar de Abelardo, coñecido por “o Cristeiro” de Ardariz. Tiña moitas ganas de botar unha parolada con el. Por fin, chegou o día.

- Pois si. Levo traballado un pouco...

- E sempre picando na pedra?

- Comecei aos dez anos. Os tempos eran outros. Meu pai foime ensinando o oficio.

- E podía cos martelos a esa idade?

- Quizabes antes eramos máis duros. A necesidade éche maldita. Obriga a facer as do demo.

- A vostede coñéceselle en toda a redonda polo Cristeiro. Será porque non facía máis ca Cristos...?

- Ben sei que ese é o alcume con que me distinguen. A min non me desgusta. Efectivamente, aínda que teño feito outras cousas, o que máis tallei foron Cristos.

- E sabe cantos?

- Non levei a conta. Acordeime tarde. Teño anotados 56, pero poida que fosen outros 20 máis cando aínda traballaba tamén meu pai.

- E, dígame: non se cansa un de tanto mazar na pedra?

- Será coma todo. O que pasa é que cansa máis axiña se non che gusta o oficio. Para min, o traballo era sempre unha gozada.

- Unha gozada...! De verdade que gozaba traballando?

- Ao mellor son un bicho raro. Sinto que nacín para ese traballo. Adapteime perfectamente. Claro que case nacín con el. Iso fai moito.

- Pero... pasar a vida dando paus ás pedras...!

- Se o miras así, estás perdido. Non hai oficio que non teña o seu lado feo. Eu tratei de verlle o lado bo. Quizás non te imaxinas a satisfacción que produce o ir vendo como dun pelouro vai xurdindo unha imaxe que ti tiñas na cabeza. A pedra responde pouquiño a pouco aos teus golpes e vaise adaptando, collendo a forma que querías darlle. Algo parecido -nalgún sentido máis forte- ao pracer que che produce ver medrar un fillo conforme coa imaxe que ti meteras na túa cabeza.

- Vaia, vaia! Se segue así, case me vai convencer...

- Non pretendo convencer. Soamente trato de expresar o moito que levo gozado dando paus nas pedras, como dis ti. A figura vaise conformando, vai nacendo, vaite mirando ao paso que falas con ela, ata encariñarte e recoñecela como parte de ti. Xa sei que co granito sempre quedan as figuras un tanto ásperas, rústicas. Sería diferente se o material fose mármore ou alabastro. Pero, como queira que sexa, os meus Cristos son así. Coma min. Algo rústicos.

No repenso, pregúntome: Quen talla a quen?



A
figura vaise
conformando
ata encariñarte
e recoñecela
como parte
de ti

O repenso

Ramón Díaz Raña



O espírito conservador foi o que moldeou o golpe que destituíu á Presidenta Dilma

Ya hay anos se notaba, un poco en todas as partes del mundo, a ascensión dun pensamento conservador e de movementos que se definían como de dereitas. Con iso, apuntábase un tipo de sociedade na que a orde prevalecía sobre a liberdade, os valores tradicionais se imponían aos modernos, e a supremacía da autoridade se sobrepoñía á liberdade democrática.

Este fenómeno derivase de moitos factores, pero principalmente pola erosión das referencias de valor que daban cohesión a unha sociedade e proporcionaban un sentido colectivo de convivencia. O predominio da cultura do capital cos seus propósitos ligados ao individualismo, á acumulación ilimitada de bens materiais e, principalmente, á competición, deixando, de feito, escaso espazo para a cooperación, contaminou practicamente a toda a humanidade, xerando confusión ético-espiritual e perda de pertenza a unha única humanidade, habitando unha Casa Común. Emerxeu a sociedade líquida, na linguaxe de Bauman, na cal nada é sólido, ao que lle hai que engadir o espírito postmoderno do every thing goes, do vale todo, na medida en que o que

conta é realizar o obxectivo buscado por cada un, de acordo cos súas preferencias.

Ante esta dilución de estrelas-guía xurdiu o seu oposto dialéctico: a busca de seguridade, de orde, de autoridade, de normas claras e de camiños ben definidos. Na do conservadurismo e da dereita en política, en ética e

pobo, negadoras de dereitos sociais e retrógradas en termos culturais.

Pero esa tendencia conservadora acadou a súa dimensión máis expresiva na potencia central do sistema-mundo, Estados Unidos, confirmada pola elección de Donald Trump como presidente dese país. Aquí, o conservadurismo e a política de dereitas

A ascensión do pensamento conservador deriva da erosión das referencias de valor que lle daban cohesión á sociedade

en relixión atópase este tipo de visión das cousas. Está a un paso do fascismo como se verificou na Alemaña de Hitler e na Italia de Mussolini.

En Europa, en América Latina e nos Estados Unidos estas tendencias foron gañando forza social e política. En Brasil, este espírito conservador, dereitista, foi o que moldeou o golpe de clase xurídico-parlamentario que destituíu á Presidenta Dilma Rousseff. O que seguiu foi a implantación de políticas claramente de dereitas, anti-

móstranse sen metáforas e de forma descarada e incluso áspera.

Nos seus primeiros actos, Trump empezou a desmontar as conquistas sociais alcanzadas por Obama. Nacionalismo, patriotismo, conservadurismo, illacionismo son as súas características máis claras.

O seu discurso inaugural é aterrador: “De hoxe en diante, unha nova visión gobernará a nosa terra. A partir deste momento, Estados Unidos será o primeiro”. O “primeiro” (first) aquí debe

ser entendido como “só (only) Estados Unidos vai contar”. Radicaliza a súa visión ao termo do seu discurso con evidente arrogancia: “Xuntos faremos que Estados Unidos volva ser forte. Faremos que Estados Unidos volva ser próspero. Faremos que Estados Unidos volva ser orgulloso. Faremos que Estados Unidos volva ser seguro de novo. E xuntos faremos que Estados Unidos sexa grande de novo”

Para Trump, o mundo non existe e se existe, é visto de forma negativa

Subxacente a estas palabras funciona a ideoloxía do “destino manifesto”, da excepcionalidade de Estados Unidos, sempre presente nos presidentes anteriores, inclusive en Obama. É dicir, Estados Unidos posúe unha misión única e divina no mundo, a de levar os seus valores de dereitos, da propiedade privada e da democracia liberal ao resto da humanidade.

Para el, o mundo non existe. E se existe, é visto de forma negativa. Rompe os lazos de solidariedade cos aliados tradicionais como a Unión Europea



Nas palabras de Trump subxace a ideoloxía do “destino manifesto” de Estados Unidos

e deixa cada país libre para eventuais aventuras contra os seus contendentes históricos, abrindo espazo ao expansionismo de potencias rexionais, incluíndo eventualmente guerras locais.

Da personalidade de Trump pódese esperar todo. Habitado a negocios tenebrosos, como son, de modo xeral, os negocios inmobiliarios neoirquinos, sen ningunha experiencia política, pode desencadear crises enormemente ameazadoras para o resto da humanidade, como, por exemplo, unha eventual guerra contra China ou Corea do Norte, onde non se ex-

cluiría a utilización de armas nucleares.

A súa personalidade denota características psicolóxicas desviadas, narcisista e cun ego superinflado, maior ca o seu propio país.

A frase que nos asusta é esta: de hoxe en diante, unha nova visión gobernará a terra. Non sei se está pensando só nos Estados Unidos ou no planeta Terra. Probablemente as dúas cousas para el se identifican. Se fose verdade, teremos que rezar para que non ocorra o peor para o futuro da civilización.

Tomado de www.feadulta.com

IRIMIA

Arquitectura sen Fronteiras de Galicia

Unha cooperación de abaixo arriba

Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA


EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova

Autor: Pablo García Saldaña. Cortesía de Unplash



Sostido por Deus na tentación

Mateo, do mesmo xeito que Marcos e Lucas, presenta despois do bautismo o encontro do mestre coa tentación. A narración está presentada no marco da experiencia de Israel no deserto, na que o pobo pasa por varios momentos no que dubida da capacidade de Deus de cumprir a súa promesa de liberación. O tema da fame, os corenta días e a idolatría son claras alusión ao relato do Éxodo.

Este transfondo invita a ler o relato nun marco mais amplo e o vincula coa experiencia relixiosa fundante da comunidade Israelita. Deste xeito Mateo, presenta a Xesús facendo o mesmo camiño co seu pobo o comezo da súa misión. Non se trata so de mostrar que o mestre foi tentado a cambiar o xeito de vivir o seu proxecto vital, senón que ese proxecto estaba enraizado e nacía do encontro co mesmo Deus que invitara a Moisés no Horeb a liderar o longo e difícil camiño de liberación do seu pobo (Ex 3).

Os primeiros cristiáns non tiñan mais Biblia que o Antigo Testamento, e nel se afanaron en buscar os relatos que podían xustificar a novidosa e radical proposta que Xesús lles facía. No caso das tentacións, ademais do libro do Éxodo, ponse en boca do mestre tres citas do libro do Deuteronomio e unha do salmo 91. Todas elas insisten na presenza continuada de Deus na vida dos homes e mulleres do seu pobo, e na necesidade de unha resposta fiel por parte de eles e elas no camiño cotiá. O poñer en boca do mestre estes textos o evangelista estanos a dicir que Xesús síntese sostido nese mesmo Deus e que o longo da súa vida e misión sempre vai a ser fiel a ese Deus liberador por riba de calquera atranco ou tentación.

Carme Soto

DOMINGO 5 DE MARZO. I de CORESMA

A PALABRA. Mt 4, 1-11

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: «Tedes oído que se vos dixo: Ollo por ollo e dente por dente. Mais eu dígovos: non volvades mal por mal. Ao contrario, se alguén che dá un lapote na túa meixela dereita, preséntalle a outra; a quen queira preitear contigo e che leve a túnica, déixalle ir tamén o mantelo; a quen te obrigue a camiñar con el unha milla, acompañao dúas. A quen che pide, dálle; e non te vires de costas a quen che pida emprestado.

Tedes oído que se vos dixo: Amarás o teu próximo e aborrecerás o teu inimigo. Mais eu dígovos: amade os vosos inimigos, e pregade polos que vos perseguen. Así seredes fillos de voso Pai que está no ceo, que fai saír o seu sol sobre malos e bos, e chover sobre xustos e inxustos. Porque, se amades os que vos aman, que recompensa ides ter? Non fan o mesmo os recadadores de impostos? E se saudades "soamente a vosos irmáns, que facedes de máis? Non fan outro tanto os pagáns? Daquela sede bos sen exclusivismos, coma o voso Pai celestial é totalmente bo.»

Pedras e área

Quixera saber que te levou ao deserto, á soidade procurada á segura acollida, onde o marmulo do vento que asubía entre as pedras é chamado silencio, onde a vida e a morte sacan a cadeira no solpor para encetar conversas ate o amencer, e rinse xuntas.

Deserto. Area, aínda non area de construción nin morteiro. Rochas, desordenadas e libres, aínda non canterías nin capiteis nin columnas, aínda non templo nin basílica nin casa reitoral nin tribunal nin convento. So pedras, vivas, aínda preñadas do sorriso cósmico que as creou.

Non sei o que ou quen te levou alí. Todo o que teño eu para quentarme é un aceno teu, un sorriso cómplice de travesuras cando atraveso o meu deserto, que tamén é teu... sen ti que se me perdía nel?

Todo o que teño, e cando o teño é como si o tivese todo, abofé, é un lixeiro eco do ton da túa voz, unha cor indefinida, non sei, dunha música que vai sintonizando o corazón e vaise precisando. Cando veñen as dúbidas, tamén as alleas, proxectadas sobre min coma pantasma, cando entre ti e mais eu buscan erguerse as canterías dos pretorios e can croios de punta, cando os que teñen razón e sentido buscan meterme dentro os medos, sobre todo o da intemperie, o da exclusión e a soidade, a fama do revés, as envexas con careta de santas, en coro danzando ó pe do meu lumiño, entón os acordes comezan a chegar máis claros... e paréceme escoitarche agora con nitidez, nunha gargallada divina, signo de omnipotencia, das moitas túas que non nos contaron: "érache boa!". Ser area, que non cantería... so por un día, ou 40. Só por escoitar o teu sorriso.

Christina

A PALABRA

O ECO

A CLAVE

Falando da lingua O que temos de noso...

Lidia e Valentina



Ai, a súa cabeciña...

- Rosita, onde puxeches as caixas?
- Ahí justo, delante tuyo!

Vaiche boa! Ata o corrector castelán de google está da nosa parte, pois subliña a frase en castelán... É normal que galego e castelán teñan interferencias, pero a xente debe saber que non sempre que fala castelán o fai ben e, moitas veces, arrastra a pegada do galego...

Se renunciamos ao galego, ao terruño, á catedral e ás nosas maravillosas praias do Atlántico e do Cantábrico,

se queremos falar a outra lingua, a cooficial, pero que non é a nosa, a da nosa terra e do noso mar, pois non a levemos encuberta... E quen queira presumir, que fale con propiedade e que non diga *delante tuyo...

Aproveitemos para reparar: **en galego** (e só en galego, **non en castelán!**) pode utilizarse o **posesivo feminino singular** en lugar da **preposición de seguida do pronome persoal** detrás de determi-

nadas locucións adverbiais; así, será igual de correcto dicir “diante túa” ca “diante de ti”, sexa o que vai diante masculino ou feminino. E, claro, como Miguel é un homazo, Rosita espetoulle o “tuyo” como tradución mal feita da expresión galega... Mal coñecemento dunha lingua e mais da outra. Ao mellor, Rosita, se non se dispersase tanto, daba máis nela...

En fin, non nos imos amargar por estas cuestións... e nós ímonos enriquecer aproveitando para reparar os valores do posesivo, que tanta riqueza e exclusividade lle dan á nosa lingua. Porque... non digades que non é boni-

ta a forma “de meu”, “de teu”, “de seu”. “Eu son testana de meu”, non é que hoxe me dese por comportarme deste xeito, é unha característica inherente a min. E “temos coche de noso”, está ao noso nome, comprámolo cos nosos cartiños. A ver como o dicides tan claro noutro idioma!

O posesivo pode indicar familiaridade: “Hoxe chegan os meus”, pensando na miña familia. E tamén afectividade de “O noso Pepe é moi bo rapaz.”

Outras veces recórrese a el para facer alusión ás trasnadas que adoita facer alguén. Así, se oímos que o rapaz fixo unha das súas, parece que nos queda claro que algo bo non foi...

Pode indicar tamén que algo che/ lle/ me... gusta ou que algo é o propio, o natural de min/ ti... Ben nos entenderemos se vos dicimos que folgar é o noso... (quizás non tanto!).

E tamén pode indicar moita cantidade: “Os nosos pais traballaron o seu...”


Usado cos numerais, pode ter un valor de aproximación: “Xa foi máis novo..., ha ter os seus 70 anos”

Non perdades o rumbo co entroido!

O Fachineiro dos libros

Nordeste

Hai moitos libros que parten da hipótese de “que pasaría se...” para contar a súa historia. É o caso, por exemplo, do *Ensaio sobre a cegueira* de Saramago: que pasaría se todo o mundo se volvese cego? Tamén ocorre así en *Nordeste*. Que pasaría se gañaran os irmandiños? A obra ten esa parte de historia-ficción que nos amosa unha república galega cos seus territorios de ultramar e a súa Compañía Galega de Indias. Iso por un lado; porque polo outro, móstranos a situación dos desherdados do Brasil, do sertão, na década dos anos 30 baixo a bota de Getúlio Vargas. A obra comeza xustamente coa morte dun grupo de cangaceiros, unha



banda que expresa o berro de desesperación dos que nada teñen que perder. E tanto nun plano coma no outro, a presenza protagonista das mulleres: Carme de Candinga e María Bonita. Este volume, que recibiu o Premio Repsol de Narrativa Breve, vai publicarse tamén no Brasil, unha exportación de cultura, non moi común na literatura galega. Non lembra o fachineiro quen foi o que dixo que os libros dos autores mortos hai que lelos e os dos vivos, compralos. Con esta primeira obra de Daniel Asorey hai que facer as dúas cousas asemade.

A.Q.